

ORDENANZA FISCAL I3

Reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica

Artigo 1. Fundamento legal e feito imponible

1. De conformidade co disposto nos artigos 92 e seguintes do RD Lexistalivo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Ley Reguladora das Facendas Locais, establécese o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, que gravará os vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexa a súa clase e categoría.
2. Considérase vehículo apto para a circulación o que fose matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentres non causara baixa nos mesmos. Ós efectos deste Imposto tamén se considerarán aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.
3. Non están suxeitos a este Imposto :
 - a) os vehículos que fosen dados de baixa nos rexistros por antigüidade do seu modelo, poden ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certames ou carreiras limitadas ós desta natureza..
 - b) Os remolques e semiremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica cunha carga útil non superior a 750 Kilogramos.

Artigo 2. Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Ley 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a nome de quen conste o vehículo no permiso de circulación.

Artigo 3. Exencións e bonificacións

1. Estarán exentos do Imposto:
 - a) Os vehículos oficiais, do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais adcritas á defensa nacional ou a seguridade cidadá.
 - b) Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grao. Asemesmo, os vehículos dos organismos internacionais con sede ou oficina en España e os seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.

- c) Os vehículos respecto ós cales así se derive do disposto en tratados ou convenios internacionais.
- d) As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria ou o traslado de feridos ou enfermos.
- e) Os vehículos para persoas de mobilidade reducida a que se refire a letra A do anexo II do Regulamento Xeral de Vehículos, aprobado polo Real Decreto 2822/1998, de 23 de Decembro.

Asemesmo, están exentos os vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo. Esta exención aplicarase en tanto se manteñan ditas circunstancias, tanto os vehículos conducidos por persoas con discapacidade como os destinados ó seu transporte.

As exencións previstas nos dous párrafos anteriores non resultarán aplicables ós suxeitos pasivos beneficiados das mesmas por máis dun vehículo simultaneamente.

A efectos do disposto neste párrafo consideranse persoas con minusvalía os que teñen condición legal en grado igual ou superior ó 33 por 100.

- f) Os autobuses, microbuses e demais vehículos destinados ou adscritos ó servizo de transporte público urban, sempre que teñan unha capacidade que exceda de nove prazas, incluída a do conductor.
- g) Os tractores, remolques, semiremolques e maquinaria provistos de Cartilla de Inspección Agrícola.

- 2. Para poder aplica-las exencións a que se refire os párrafos e) e g) do apartado 1 deste artigo, os interesados deberán insta-la súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a causa do beneficio. Declarada a exención pola administración municipal, expedirase un documento que acredite a súa concesión.

En relación coa exención prevista no segundo párrafo e) do apartado 1 anterior, o interesado deberá aporta-lo certificado da minusvalía emitido polo órgano competente e xustifica-lo destino do vehículo ante o Concello.

- 3. Gozarán duna bonificación do 100% os vehículos históricos ou aqueles que teñan unha antigüedade mínima de 25 anos, contados a partir da data da súa fabricación ou, se ésta non se coñece, tomando como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar. Esta bonificación ten carácter rogado, previa solicitude do suxeito pasivo, debendo acredita-la antigüedade do vehículo, có permiso de circulación do vehículo.

Artigo 4. Bases e cota tributaria

O imposto esixirase de acordo ó seguinte cadro de tarifas:

A) TURISMOS

| | |
|------------------------|--------|
| De menos de 8 cv | 17,26 |
| De 8 a 11,99 cv | 46,63 |
| De 11,99 ata 15,99 cv. | 98,43 |
| De 16 ata 19,99 cv. | 122,61 |
| De 20 cv en diante | 151,92 |

B) AUTOBUSES

| | |
|-----------------------|--------|
| De menos de 21 prazas | 113,98 |
| De 21 a 50 prazas | 162,33 |
| De máis de 50 prazas | 202,92 |

C) CAMIÓN

| | |
|---|--------|
| De menos de 1.000 kgs. de carga útil | 57,85 |
| De 1.000 a 2.999 kgs. de carga útil | 113,98 |
| De máis de 2.999 a 9.999 kgs. de carga útil | 162,33 |
| De máis de 9.999 kgs. de carga útil | 202,92 |

D) TRACTORES

| | |
|----------------------------|--------|
| De menos de 16 cv. fiscais | 24,17 |
| De 16 a 25 cv. fiscais | 38,00 |
| De máis de 25 cv. fiscais | 113,98 |

E) REMOLQUES

| | |
|--------------------------------------|--------|
| De menos de 1.000 kgs. de carga útil | 24,17 |
| De 1.000 a 2.999 kgs. de carga útil | 38,00 |
| De máis de 2.999 kgs. de carga útil | 113,98 |

F) OUTROS VEHICULOS

| | |
|---|-------|
| Ciclomotores e cuadríciclos | 6,04 |
| Motocicletas de ata 125 cc. | 6,04 |
| Motocicletas de máis de 125 cc. ata 250 c.c. | 10,36 |
| Motocicletas de máis de 250 c.c. ata 500 c.c. | 20,73 |
| Motocicletas de máis de 500 c.c. ata 1.000 c.c. | 41,44 |
| Motocicletas de máis de 1.000 c.c. | 82,88 |

Artigo 5. Período impositivo e dereito a percibir.

1. O período impositivo coincide co ano natural, salvo no caso de primeira adquisición dos vehículos. Neste caso o período impositivo comezará o día primeiro do trimestre no que se produza dita adquisición.

2. Adquirirase o dereito a percibir-lo imposto o primeiro día do período impositivo.
3. O importe da cota do imposto prorratéase por trimestres naturais nos casos de primeira adquisición ou baixa do vehículo.

Artigo 6. Réximes de declaración e de ingreso

A xestión, liquidación, inspección e recadación, así como a revisión dos actos dictados en vía de xestión tributaria, corresponde ó Concello do domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo.

Artigo 7. Obrigas tributarias formais

1. Quen solicite ante a Xefatura Provincial de Tráfico a matriculación, a certificación de aptitude para circular ou a baixa definitiva dun vehículo, deberán acreditar, previamente o pago do imposto.
2. Os titulares dos vehículos, cando comuniquen á Xefatura Provincial de Tráfico a reforma dos mesmos, sempre que altere a súa clasificación ós efectos deste imposto, así como tamén nos casos de transferencia, de cambio de domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo ou baixa de ditos vehículos, deberán acreditar previamente ante a Xefatura Provincial do pago do último recibo presentado ó cobro do imposto, sen perxuício de que sexa esixible por vía de xestión e inspección o pago das débedas por dito concepto devengadas, liquidadas, presentadas ó cobro e non prescritas. Se exceptúa da referida obriga de acreditación o suposto das baixas definitivas con quince ou máis anos de antigüidade.
3. Os propietarios de ciclomotores e cuadríciclos nos que na súa licenza de conducción figure como domicilio Ribadeo, ou ben sexa éste o seu domicilio habitual, deberán inscribirse no Rexistro Municipal de ciclomotores e cuadríciclos para o que aportarán fotocopia do D.N.I. e do certificado de características técnicas. Unha vez inscrito o vehículo facilítaselles por un prezo de 500 ptas. unha placa identificativa do rexistro que deberán fixar nun lugar visible da parte traseira do ciclomotor ou cuadríciclo. O prazo para facer dita inscrición será de 10 días desde a súa adquisición ou transmisión do ciclomotor. O incumprimento desta obriga será sancionado como infracción tributaria simple cunha multa de ata 30,05 ptas.

Artigo 8. Pagamento do imposto

O pagamento do imposto deberá realizarse dentro do prazo establecido anualmente unha vez aprobado ó Padrón, para os vehículos matriculados ou

declarados aptos para a circulación. No caso de nova matriculación ou de modificación no vehículo ou que altere a *súa* clasificación a efectos tributarios, no prazo do pago do imposto ou da liquidación complementaria será de trinta días a partir do seguinte o da matrícula ou rectificación.

Artigo 9. Xestión tributaria.

1. Anualmente formarase un padrón no que figurarán os contribuintes afectados e as cotas respectivas que se liquiden por aplicación da presente Ordenanza, o cal será exposto ó público por quince días a efectos de reclamacións previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e edictos na forma acostumada na localidade.
2. Transcorrido o prazo de exposición ó público, o Concello resolverá sobre as reclamacións presentadas e aprobará definitivamente o Padrón que servirá de base para os documentos cobratorios correspondentes.

Artigo 10. Recadación en vía executiva

As cotas liquidadas e non satisfeitas no período voluntario, faranse efectivas pola vía de constrinximento, de acordo as normas do Regulamento Xeral de Recadación.

Artigo 11. Partidas fallidas

Consideraranse partidas fallidas ou créditos incobrables aquelas cotas que non se efectuaran polo procedemento de constrinximento, para a declaración da cal se formalizará o oportuno expediente de acordo co prevenido no vixente Regulamento Xeral de Recadación.

Artigo 12. Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Ley 58/2003, Xeral Tributaria, conforme se ordena no artigo 11 do RD 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLRHL.

Disposición derradeira. Entrada en vigor e comezo de aplicación da Ordenanza

A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” e comezará a súa aplicación na mesma data.

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada no seu artigo 4 por acordo plenario de 19 de xaneiro de 2009 e publicado definitivamente no BOP número 29 de 5 de febreiro de 2009

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada no seu artigo 4 por acordo plenario de 9 de novembro de 2011 e publicado definitivamente no BOP número 299 de 31 de decembro de 2011